

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Ordenanzas e Regulamentos

TEXTO DEFINITIVO DO REGULAMENTO DAS PRAZAS DE ABASTOS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA APROBADO EN SESIÓN PLENARIA DE 26 DE XANEIRO DE 2023

REGULAMENTO MUNICIPAL DAS PRAZAS DE ABASTOS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade comercial de venda polo miúdo exercida nos mercados municipais de Vilagarcía de Arousa estaba ordenada, ata a data, polo Regulamento municipal de mercados aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na súa sesión de 7 de xuño de 1984, sendo posteriormente modificado o 6 de marzo de 1989 e o 10 de setembro de 1992.

Na actualidade, considérase precisa a modificación deste regulamento e a súa adecuación ás necesidades que require a obrigada modernización das estruturas comerciais da cidade de Vilagarcía de Arousa.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º. A competencia en materia de abastos público e o establecemento de Mercados no Concello, corresponde ó Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, de conformidade coas determinacións legais en vixencia.

Artigo 2º. O regulamento de Mercados ten por obxecto regular o desenvolvemento do Servizo de Abastos público nos mercados municipais do Concello de Vilagarcía de Arousa.

O presente regulamento municipal aplicarase aos edificios e instalacións do Concello destinados á venda polo miúdo de produtos alimenticios e derivados, para o abastecemento público, así como á explotación doutras actividades comerciais non relacionadas coas alimenticias das que a superficie a ocupar en cada Praza non excederá, no seu conxunto, do trinta por cento da que corresponda ó total de postos existentes.

Seguirá autorizándose a venda de artigos non alimenticios nos postos pechados exteriores actuais da Praza de Abastos de Vilagarcía e na planta superior da mesma, sempre e cando teña relación/vinculación coa actividade que se desenvolva e sempre que así o autorice a Xunta de Goberno local, coas determinacións que poida legislar sobre tal punto a Xunta de Galicia ou a



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

Administración Central, sen que se poida levar a cabo, en ditos postos, a venda de mariscos, pescados nin carne en fresco.

A planta superior da Praza de Abastos de Vilagarcía, destinarase exclusivamente a servizos destinados a dinamizar e mellorar as condicións da actividade comercial, tales como servizos administrativos, de restauración, áreas de promoción, etc., así como a celebración de calquera outros eventos de carácter cultural, lúdico, de lecer etc., previo acordo da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local poderá autorizar o desenvolvemento de actividades de hostalaría nos postos exteriores da praza de abastos, que a efectos de cumprimento da normativa vixente, terán á súa disposición os servizos públicos (aseos) dentro do propio edificio.

Asemade, será posible a instalación de terrazas nas zonas peonís durante o horario de apertura do mercado sen que as mesmas interfiran no normal funcionamento da actividade comercial da praza e sen prexuízo da obriga de solicitar e obter a oportuna autorización municipal con arreglo ás disposicións da ordenanza municipal de terrazas para os hostaleiros que opten pola instalación das mesmas.

Para o desenvolvemento da actividade deberán cumprir a normativa en materia de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade, o preceptuado pola lei 9/2013 do Emprendemento e da Competitividade Económica de Galicia, o DECRETO 144/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

Artigo 3º. O concello poderá explotar os mercados por si, de xeito directo ou indirecto, ben por concesión, arrendamento ou concerto.

No caso de explotación indirecta, esta quedará sometida ás disposicións do presente Regulamento e ás estipulacións particulares do mesmo.

Artigo 4º. Permitirase a venda de produtos procedentes da súa colleita nos recintos das prazas, exclusivamente a aqueles agricultores produtores directos que o soliciten e obteñan a correspondente autorización municipal. Para isto deberán acreditar debidamente a súa condición de agricultores mediante a inscrición nos rexistros e cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social que lles correspondan, o tipo de produtos que cultivan e pretenden vender, as cantidades aproximadas, as épocas da colleita, etc.

En casos excepcionais poderá o Concello conceder autorizacións para vender produtos agrícolas propios do mercado, fóra do edificio pero na súa contorna, como se se tratara dunha dependencia da praza, coa condición de que reúnan os requisitos hixiénico-sanitarios e a fiscalización correspondente.

Artigo 5º. Corresponderá á alcaldía ou en quen delegue, ditar as disposicións concretas que non estean previstas neste Regulamento, sen prexuízo das que teñen atribuídas nesta Regulamentación a Xunta de Goberno Local e o Pleno.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

Artigo 6º. Os ocupantes de postos ou espazos dos mercados acatarán as disposicións deste Regulamento, así como os acordos da Corporación Municipal e ordes da Alcaldía no que se refire a materia de abastos e pago dos dereitos e taxas na correspondente Ordenanza Fiscal. Igual Obriga teñen os autorizados para a venda fóra do recinto, na contorna da Praza de Abastos.

CAPÍTULO II. CONDICIÓN DE FUNCIONAMENTO

Artigo 7º. Todos os produtos alimentarios que se introduzan no recinto da praza de abastos, deberán acreditar as suficientes garantías hixiénico-sanitarias, de acordo co establecido no Real Decreto 1086/2020, de 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación das disposicións da Unión Europea en materia de hixiene da produción e comercialización de produtos alimenticios e se regulan as actividades excluídas do seu ámbito de aplicación e nas demais disposicións concordantes.

Artigo 8º. O horario de apertura e peche dos mercados do Concello de Vilagarcía, será, con carácter xeral, os martes e sábados de 6:00 a 20:00 horas e o resto dos días da semana de 7:00 a 20:00 horas. Estes horarios poderán ser obxecto de variación por necesidades do servizo.

Os concesionarios terán os seus postos preparados para a venda como máximo ás 9 horas.

O horario de acceso de provedores e mercadorías será como máximo ata as 9:30 da mañá(a partir desa hora as zonas comúns teñen que permanecer limpas e libres) e de 17:00 a 19:30 horas polas tardes, quedando prohibida a entrada a provedores e mercadorías fóra dos horarios indicados.

En todo caso, o Concello resérvase a facultade de modificar os devanditos horarios por causas xustificadas previo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local

CAPÍTULO III.- INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS DE MERCADOS

Artigo 9º. Edificios afectos ó servizo de mercados.

Continúan afectos ó Servizo de Mercado de Abastos os edificios e instalacións propiedade do Concello, Praza de abastos de Vilagarcía, Praza da verdura e Praza de abastos de Vilaxoán.

Os edificios municipais adscritos ó servizo de mercados contarán con instalacións e locais dotados das condicións técnico-sanitarias mínimas esixidas pola normativa reguladora segundo o tipo de actividade a que se destinen, incluídas cámaras frigoríficas de almacén naqueles mercados que resulten necesarias.

O mantemento das cámaras frigoríficas e a limpeza das mesmas será efectuada un día á semana polos servizos de limpeza municipais ou por persoal destinado polo Concello a tal fin.

O horario de acceso ás cámaras frigoríficas por parte dos/as praceiros/as para a retirada da mercancía da que precisen dispoñer en cada xornada de venda, será en todo caso antes das 9 da mañá e sempre baixo a supervisión dos servizos municipais.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:J8SQAZ3HHDW2O43C



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

O horario de acceso ás cámaras frigoríficas por parte dos/as praceiros/as para o depósito da mercancía unha vez rematada a xornada de venda, será a partir do peche do horario comercial da praza e sempre baixo supervisión dos servizos municipais.

Artigo 10. Postos de venda.

Os postos de venda dos mercados municipais estarán numerados con especificación do seu destino ou actividade autorizada.

Os postos pechados e bancadas, non poderán destinarse ó exercicio e explotación de actividades comerciais distintas daquelas para as que foron autorizadas. Nembargante, a Administración Municipal facilitará cambios de actividade comercial naqueles postos existentes, cando a nova actividade estea pouco representada no mercado, sexa demandada polos emprendedores e a mesma resulte compatible coa actividade que se desenvolve na praza.

Os concesionarios de postos e bancadas terán nun lugar visible á disposición da administración do mercado, unha ficha da concesión do posto na que conste, polo menos, o número do posto e nome do concesionario e a actividade comercial autorizada no posto.

As autorizacións de cambio de actividade requirirán acordo favorable da Xunta de Goberno Local, previo informe do encargado do Mercado e cumprimento da lexislación vixente. O cambio de actividade dos postos porase en coñecemento das asociacións de comerciantes existentes no Mercado, con carácter previo ao outorgamento da autorización pola XGL, a fin de que poidan efectuar alegacións (non vinculantes) ante a mesma.

O acordo de XGL polo que se denegue a devandita autorización, terá en conta o informe do encargado do mercado, as alegacións formuladas polas asociacións de vendedores/as e a natureza da actividade que se pretende desenvolver en relación co número de actividades do mesmo tipo existentes na Praza de Abastos .

Artigo 11. Autorizacións para a venda directa

1) En cada mercado, a administración municipal poderá reservar un espazo para a venda directa do/a produtor/a ao/á consumidor/a ou para outras actividades que a autoridade municipal considere de interese para o bo funcionamento dos mercados.

2) As autorizacións para a utilización dun espazo para a venda directa serán persoais e intransferibles, sendo a súa duración máxima de dous anos prorrogables polo mesmo período e por un máximo de cinco anos, previa acreditación de cumprimento dos requisitos exixibles para a venda directa. Transcorridos os cinco anos deberá solicitarse e obterse unha nova autorización da XGL polo prazo e nas condicións que esta determine.

A autorización quedará sen efecto no momento da xubilación, agás naqueles casos en que a lexislación vixente prevea a compatibilidade da prestación co desenvolvemento total o parcial da actividade de venda directa.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

3) A ocupación destes postos de venda directa polo/a produtor/a, será autorizada pola Xunta de Goberno Local, previa solicitude dos interesados e informe do/a encargado/a do Mercado.

4) Os comerciantes interesados na venda directa deberán presentar unha solicitude no Rexistro xeral do Concello na que constarán os seguintes datos:

a) Acreditación da condición de produtor/a mediante inscrición no REAGA ou rexistro equivalente.

b) Volume de produción do/a produtor/a solicitante.

c) Características dos medios de produción.

d) Cantidade, variedade e calidade dos produtos ofrecidos para a venda directa.

e) Prazo para o que se solicita a autorización.

f) Certificación negativa de percepción de prestacións da SS, INEM ou calquera outras administracións públicas.

Artigo 12. Normas para uso de espazos comúns

1) Os espazos e superficies de utilización común ou xeral dentro do recinto de cada mercado municipal, atoparanse expeditos ao tránsito e facilitarán unha axeitada comunicación das diferentes zonas comerciais.

2) Os espazos comúns manteranse limpos e en perfectas condicións de uso durante o horario comercial, quedando prohibido o uso de mangueras e a ocupación das zonas comúns, en dito horario.

Artigo 13. Taboleiro de anuncios

En cada mercado municipal de abastos haberá, á vista do público, un taboleiro de anuncios no que se exporán cantas disposicións sexan de interese tanto para os/as comerciantes minoristas concesionarios, como para o público en xeral.

Asemade terán a disposición o taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello para a publicación e difusión da información de interese (sede.vilagarcia.gal)

Artigo 14. Prohibición de publicidade.

Nos mercados municipais de abastos non se admitirá ningún uso de publicidade comercial que non sexa o propio nome da/o titular de cada posto, quedando prohibido o uso individual de altofalantes, aparellos de megafonía, reparto de impresos e calquera outro medio sonoro ou visual para ofrecemento das mercadorías ou produtos, sen prexuízo daquela publicidade colectiva que se promova por parte das asociacións de venda, previa conformidade da Administración Municipal.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

Serán responsables do incumprimento desta prohibición as empresas anunciadoras.

Artigo 15. Inspección sanitaria

1) A inspección dos mercados municipais de abastos corresponderá ao Concello sen prexuízo das competencias inspectoras en materia de pesca, seguridade alimentaria e medioambiental ou calquera outra que corresponda á Xunta de Galicia a través da Consellería correspondente.

2) O/a encargado/a de mercados ten a obriga de prestar a colaboración necesaria, poñendo en coñecemento da inspección sanitaria as deficiencias de orde hixiénico-sanitarias que se produzan.

CAPÍTULO IV. CONDICIÓNS DOS POSTOS DE VENDA

Artigo 16. Destino e condicións

1) As mercadorías e produtos permanecerán no recinto de cada posto e a súa venda e despacho efectuarase necesariamente no mesmo, con prohibición absoluta de depositala fóra da superficie asignada ou de invadir superficies comúns ou doutros postos nin modificar a delimitación física de cada posto.

2) Os mostradores e expositores axustaranse e cumprirán a normativa específica de aplicación, debendo manterse en perfecto estado de limpeza e pulcritude.

3) En tanto non entre en vigor o novo sistema de recollida de residuos e lixo, cada posto disporá dun caldeiro ou recipiente de cor negra e de iguais características, rotulado en branco co número do posto, no que se verterán os desperdicios propios do posto e sempre tapado.

Ao remate de cada xornada, cada vendedor/a baleirárá dito recipiente en bolsas pechadas no contedor que corresponda segundo os residuos a baleirar e lavará e desinfectará o mesmo, se fose necesario.

4) As mercadorías estarán perfectamente identificadas segundo establece a lexislación vixente. Os prezos estarán visibles e farán referencia á mercancía á que se refiren evitando calquera tipo de confusión ou regateo.

Artigo 17. Reparación, conservación e mantemento dos postos.

1. A conservación e reparación dos postos de venda correrá a cargo dos concesionarios.

2. Cando por razón de hixiene ou estética sexa necesario realizar reparacións, estas poderán esixirse ao concesionario polo Concello, previo informe técnico no que se determine a súa necesidade e características.

3. Cando por razóns de hixiene ou estética sexa preciso realizar reparacións ou obras de conservación en zonas comúns, estas correrán a cargo do Concello.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

Cando as obras de reparación e/ou acondicionamento realizadas polos concesionarios coa previa autorización municipal, queden unidas de modo permanente ao chan, paredes e demais elementos integrantes do mercado, pasarán a ser propiedade do Concello sen dereito a indemnización algunha á finalización do prazo da concesión. Entenderase que as obras e instalacións están unidas de forma permanente, cando non se poidan separar dos pisos, paredes ou elementos sen quebranto ou deterioro deste.

4. O mantemento e reposición do mobiliario, maquinaria, instalacións e utillaxe a utilizar nos postos correrán a cargo dos concesionarios, axustándose aos modelos -tipo establecidos. Igualmente, serán de conta dos concesionarios/as as obras de adaptación necesarias para levar a cabo un cambio de actividade promovido a instancia de parte e autorizado pola XGL.

5. Os/as titulares das concesións de postos poderán executar pola súa conta, previa autorización do Concello, as obras necesarias para o axeitado funcionamento do seu negocio sempre que non modifiquen a disposición actual dos postos nin alteren a estética predominante do mercado.

O Concello poderá asumir subsidiariamente a execución das obras de reparación e conservación necesarias, sen prexuízo de reclamar o seu importe ó/a titular.

6. Os/as concesionarios/as de postos, a requirimento da Administración municipal, deberán demoler á súa costa as obras executadas sen autorización municipal e estarán obrigados/as a reparar os danos causados, sen prexuízo das correspondentes sancións.

CAPÍTULO V. CONCESIÓN DOS POSTOS

Artigo 18. Natureza xurídica das concesións.

A utilización privativa dos postos de venda nos mercados municipais de abastos, precisa dun título habilitante por parte da administración municipal que terá a consideración de concesión administrativa demanial.

Artigo 19. Titulares das concesións.

1) Só poderán ser titulares das concesións de postos, as persoas naturais ou xurídicas de nacionalidade española ou dalgún dos países da Comunidade Económica Europea con plena capacidade xurídica e solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

2) Os postos non poderán ser adxudicados conxuntamente a dúas ou máis persoas físicas ou xurídicas e, tampouco poderán ser titulares de postos, as persoas físicas ou xurídicas comprendidas nalgún dos casos de prohibición de contratar establecidos na normativa sobre contratos das Administracións Públicas.

3) Cada concesionario non poderá ser titular de máis de un posto pechado dos interiores ou de tres postos pechados exteriores ou de tres bancadas.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

Esta disposición non afectará aos dereitos adquiridos con anterioridade á entrada en vigor do presente regulamento.

4) Non poderán optar á concesión administrativa de postos, ademais dos incursos por lei en prohibición de contratar coas Administracións Públicas, aquelas persoas ás que lles fora revocada ou anulada unha concesión anterior como consecuencia de sancións por faltas moi graves, e quen teña a condición de debedor/a coas distintas AAPP, ou quen teña sido obxecto de expediente sancionador derivado do mal uso de calquera servizo ou instalación municipal.

Artigo 20. Duración das concesións

1) O prazo da concesión será de 15 anos, admitíndose prórrogas por un período de cinco anos máis, ata un máximo de 50 anos en total, contados dende a data na que foron concedidas inicialmente. As solicitudes de prórroga serán formuladas polos titulares cunha antelación de tres meses á finalización do prazo de vixencia da concesión.

2) Respecto das concesións actuais, anteriores á data de entrada en vigor do presente regulamento, respectarase a duración coa que foron concedidas, entendéndose esta duración, de non especificar nada no título de adxudicación, de cincuenta anos, contados dende a data de adquisición inicial do posto.

3) No suposto de transmisión da concesión, entenderase, en todo caso, que a duración da mesma será polo tempo que reste ata esgotar o prazo máximo que teña autorizado na adquisición inicial, sen prexuízo da posibilidade de prórroga nos termos do presente regulamento.

Artigo 21. Procedemento de adxudicación das concesións

1) A adxudicación das concesións para o uso e disfrute dos postos de venda nos mercados municipais axustarase ao procedemento establecido no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e ao Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, no que resulte compatible coa citada Lei, mediante procedemento aberto.

2) Correspóndelle ao órgano municipal competente, a aprobación dos pregos de condicións que han determinar as bases da licitación e a posterior adxudicación en función da duración da mesma, atendendo ás circunstancias imperantes en cada caso, así como o cambio de ubicación e/ou destino.

3) No caso de postos vacantes, en tanto non sexan obxecto de concesión, A XGL poderá outorgar autorizacións provisionais (dous anos prorrogables por outros dous) de carácter revogable, mediante arrendamento ou concerto.

Artigo 22. Transmisibilidade das concesións

1) En ningún caso e baixo ningunha circunstancia poderanse alugar ou ceder en precario os postos outorgados en concesión, facultade reservada en exclusiva ao Concello de Vilagarcía.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

2) Os titulares de postos de venda obtidos mediante unha concesión administrativa demanial poderán transferir, nos termos do presente regulamento, o seu uso e disfrute, previa autorización da Xunta de Goberno Local e pago das taxas procedentes, sempre que o cedente acredite ter explotado o posto de venda, polo menos, durante cinco anos, e que o adquirente reúna as condicións esixidas neste Regulamento para ser beneficiario da concesión. A transferencia será polos anos que queden de vixencia da concesión. Sendo a data inicial do cómputo a de concesión do posto mediante licitación.

3) Cando se realice o traspaso, o Concello terá dereito a percibir o 20 % do prezo no que se fixe a transmisión, cun mínimo equivalente ao 10% do prezo fixado na derradeira transmisión do posto, actualizado co IPC, reservándose sempre e en todo caso o dereito de retracto sobre a devandita transmisión.

A efectos de evitar a especulación cos postos do mercado, o Concello solicitará informe do técnico municipal correspondente, aos efectos de determinar se o prezo pactado entre as partes é acorde cos prezos medios de mercado no Concello de Vilagarcía de Arousa.

Esta cantidade deberá ser ingresada previamente na Tesourería Municipal.

4) A transmisión da concesión suxeitarase ao seguinte procedemento:

a) Promoverase a instancia de parte, mediante solicitude escrita do interesado dirixida á Xunta de Goberno Local. A solicitude deberá conter os seguintes requisitos mínimos:

- 1) Nome, datos persoais e identificación fiscal do/da transmisor/a
- 2) Datos do posto do Mercado en que se sitúa.
- 3) Datos referentes á transmisión/s (beneficiario e condicións do traspaso)
- 4) Prezo no que se fixa o traspaso.

b) Logo da comunicación efectuada polo interesado, procederase á apertura dun período de información pública por prazo de 15 días, a efectos de que os posibles interesados na transmisión formulen as súas ofertas.

A apertura do período de información pública será publicitado na sede electrónica do Concello (sede.vilagarcia.gal) e no taboleiro de anuncios da Praza de abastos.

As ofertas deberán ser presentadas por vía telemática, salvo no caso das persoas físicas que nos termos do artigo 14.1 da Lei 39/2015 de 1 de outubro poderán optar en todo momento se se comunican coas administracións Públicas por medios electrónicos ou non.

Finalizado o prazo de exposición pública, o/a Xefe/a de mercado emitirá un informe que será elevado xunto co expediente completo á Xunta de Goberno Local quen deberá decidir sobre a procedencia ou non da transmisión e dos termos da mesma ou, de ser o caso, facer uso do dereito de retracto que en último termo corresponde ao Concello.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

No suposto de acordar a Xunta de Goberno Local a conformidade co traspaso, realizarase polo/a transmitinte e beneficiario/a unha comparecencia ante o/a responsable do mercado, ratificándose na súa petición inicial, dándose conta e remitíndose o expediente á Xunta de Goberno Local coa correspondente proposta de liquidación da taxa que proceda.

Á vista da proposta, de considerarse procedente, ditarase resolución polo órgano municipal competente.

Autorizado o traspaso, o/a cedente deberá presentar no departamento xestor a documentación acreditativa do aboamento da taxa na Caixa Municipal, sen prexuízo de que o/a Cesionario/a comunique á Consellería de Facenda da Xunta de Galicia o traspaso.

Non poderán ser beneficiarios/as de traspaso, aquelas persoas que fosen Concesionarios/as de postos e perdesen os seus dereitos por sanción de clausura definitiva da concesión por comisión de falta moi grave ou por revogación da concesión.

O/a beneficiario/a do traspaso deberá reunir as mesmas condicións esixidas ao/á transmitinte na súa adxudicación.

4) Coa finalidade de favorecer a funcionalidade e mellora dos servizos, poderase autorizar a permuta de postos, co obxecto de reunir e/ou unificar os pertencentes ao mesmo concesionario/a. A tal efecto, como máximo poderán unificarse/reunirse tres bancadas ou tres postos exteriores.

As actuacións encamiñadas a este obxectivo deberán ser comunicadas e autorizadas pola Xunta de Goberno Local.

A unificación de postos requirirá informe técnico do/a arquitecto/a municipal sobre a viabilidade técnica e conformidade da obra coa imaxe integral do conxunto. Con obriga por parte do concesionario, para o caso de caducidade da concesión, baixa na actividade ou transmisión do posto nos termos e condicións previstas no presente regulamento, de deixar o posto/s no estado no/s que lle foi/foron entregado/s no momento da adxudicación.

5) No caso de falecemento, enfermidade grave ou que lle impida a continuación no desenvolvemento da actividade obxecto da concesión ou xubilación do/a titular, poderase solicitar o cambio de titularidade da concesión a favor das persoas cun grao de parentesco de primeiro grado de familiaridade ou afinidade (cónxuxe, parella de feito, fillos), que poderán continuar coa explotación do posto ou espazo, nos termos previstos no artigo 20 do presente regulamento relativo á subrogación e transmisibilidade das concesións, debendo comunicarlle esta circunstancia á Administración Municipal, dentro dos 30 días seguintes ao falecemento, enfermidade ou xubilación. O devandito cambio non terá custo para a continuidade na explotación do posto.

6) Os usuarios de postos de venda con autorizacións provisionais, non poderán transmitir, por actos intervivos nin mortis causa, o uso e actividade dos postos, sendo nulo calquera acto neste senso e quedando automaticamente extinguida a autorización polo falecemento ou declaración da ausencia do seu titular provisional, a disolución da sociedade concesionaria, a



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

perda das condicións que foran esixidas para a autorización, ou calquera outra causa bastante para a anulación ou revogación da autorización provisional.

Artigo 23. Causas de extinción das concesións

1) Sen prexuízo do establecido na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público e noutras disposicións deste Regulamento, serán causas de resolución das concesións de postos, que determinarán a extinción das mesmas, as seguintes:

a) Por falecemento, enfermidade ou xubilación (sen que se teña producido a transmisión nos termos do artigo 22.5 do presente regulamento)

b) A finalización do prazo da concesión.

c) Polo exercicio do dereito de retracto por parte do Concello.

d) A renuncia do concesionario.

e) O rescate da concesión pola administración municipal por razóns de interese público sobrevidas.

f) O mutuo acordo entre a Administración municipal e o concesionario.

g) O falecemento ou declaración de ausencia dos titulares de autorizacións provisionais.

h) A disolución da sociedade titular de autorización provisional.

i) A falta de pagamento das taxas municipais de tres mensualidades consecutivas ou cinco alternas no período dun ano.

j) Ter sido sancionado o concesionario mediante resolución firme, por infracción moi grave en materia sanitaria ou de disciplina do mercado.

k) Perda das condicións esixidas á/ao titular para a adxudicación da concesión.

l) A imposibilidade de explotación do servizo como consecuencia de medidas adoptadas pola administración municipal con posterioridade.

m) O incumprimento de obrigacións esenciais do concesionario, tipificadas neste Regulamento como infracción moi grave.

n) A non ocupación e explotación do posto de venda permanecendo pechado durante un mes ininterrompido ou sesenta días alternos durante o período dun ano, salvo en circunstancias excepcionais debidamente xustificadas, con autorización da Xunta de Goberno Local previo informe do/a encargado/a do mercado.

No caso concreto das vendedoras de peixe, atendendo á súa singularidade, será causa de rescate a non ocupación e explotación do posto de venda permanecendo pechado durante un mes ininterrompido ou trinta días alternos durante o período dun ano (sen contabilizar os luns).



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

Asemade, poderase autorizar a ausencia das vendedoras/os de peixe, naquelas xornadas nas que, polas condicións climatolóxicas adversas ou calquera outra circunstancia, non abran as lonxas. E polo tanto non dispoñan de produto fresco para ofrecer en condicións de calidade (con xustificación de dito extremo a requirimento, no seu caso, da Xunta de Goberno Local).

2) En casos de imposibilidade transitoria do concesionario para o exercicio da actividade propia do posto, principalmente por causa de enfermidade ou similares, debidamente xustificadas, a Xunta de Goberno Local poderá permitir o peche do posto a petición do/a titular cando non exista persoa dependente do concesionario que poida atender a súa explotación.

Esta autorización deberá solicitarse cando se teña previsto que o peche supere os 15 días.

A autorización concederase inicialmente pola XGL por un prazo máximo de dous meses e será prorrogable polo tempo que determine a Xunta de Goberno Local en supostos excepcionais debidamente xustificadas, previa solicitude do interesado e informe do encargado do mercado.

O devandito peche ou suspensión temporal no exercicio da actividade non afectará á obriga de aboamento do canon, que continuará a devengarse e deberá ser aboado nos termos e prazos regulamentariamente establecidos, sendo que o impago do mesmo, dará lugar á revogación ou perda da concesión.

A duración das prórrogas non excederá nunca dos 18 meses, pasados os cales a concesión reverterá no Concello.

3) Para a resolución das concesións de postos de venda deberá tramitarse un procedemento previo, concedendo audiencia aos titulares das mesmas por un período de 15 días hábiles.

4) A extinción da concesión, mediante resolución motivada non determina que o seu titular teña dereito a ningunha indemnización algunha, excepto supostos enumerados nas letras c) rescate e j) imposibilidade explotación imputable á administración municipal, descritos no apartado 1 deste artigo.

5) Cando se extingue a concesión, calquera que fose a causa, as/os titulares deberán de abandonar e deixar libres e baleiros os postos e de non facelo no prazo de quince días, levarase a cabo execución subsidiaria por parte da Administración Municipal.

VI. RÉXIME DE VIXIANZA

Artigo 24. Da vixilancia dos Mercados de Abastos coidará o/a funcionario/a encargado adscrito a este servizo e solicitará o apoio da Policía Local cando fora preciso.

A Xunta de Goberno Local resérvase o dereito de modificar a distribución dos postos dos mercados cando se considere necesario por razóns xustificadas de interese público, previa audiencia dos interesados.

Artigo 25. Corresponderá aos membros da Policía Municipal, con independencia das funcións que lles son propias:



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

- a) Prestar auxilio ao persoal do mercado, se son requiridos para iso.
- b) Coidar do mantemento da orde do Mercado.

Artigo 26. O réxime polo que se establecen o horarios e circunstancias polas que se ha rexer o mercado de abastos, fixarase pola Xunta de Goberno Local previo informe do xefe de servizo e da Policía Local, no caso de afectar a cuestións da súa competencia.

VII. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS.

Artigo 27. Dereitos dos concesionarios:

- 1- Á realización das transaccións que autoriza o contrato de concesión.
- 2- Ao abastecemento de mercadorías, nas condicións sinaladas no artigo 30.
- 3- A solicitar dispensas no despacho por enfermidade ou motivos similares.
- 4- Á realización de obras no posto, cando a natureza do mesmo así o permita, previa autorización municipal.

Artigo 28. Obrigas xerais dos/as concesionarios/as e autorizados/as:

- 1- Manter o posto aberto, realizando as transaccións autorizadas.
- 2- Os/as vendedores/as deberán estar habilitados/as mediante a posesión do carné de manipulador/a de alimentos e da Tarxeta Municipal para a venda en mercados, que se facilitará polo Concello.
- 3- Todos os postos deberán ter á vista do público a súa tarxeta e unha tarifa co prezo e procedencia das diversas clases de artigos que nos mesmos se expendan, non podendo o concesionario ocultar ou negarse a vender os mesmos nin ter produtos alleos ós que está destinado o posto.
- 4- O posto deberá ser atendido pola/lo titular da concesión, cónxuxe ou fillos/as nos termos e condicións establecidos ao efecto na lexislación laboral. No caso de ser atendido por outro persoal, este deberá ser asalariado e o concesionario comunicarlle á administración municipal os datos de afiliación, número da Seguridade Social e os documentos que acrediten a dependencia, e en todo caso, deberá presentar o número de patronal da Empresa.
- 5- O persoal sanitario está facultado para realizar as supervisións, sempre que o considere oportuno, sobre calquera produto alimenticio, estando o/a expendedor/a obrigado/a a facilitarlle as mostras do mesmo que lle foran requiridas.
- 6- O expendedor deberá usar unha báscula automática de lectura visible, en perfecto estado de funcionamento, que será revisada periodicamente polos servizos correspondentes da Xunta de Galicia, independentemente doutros organismos.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

7- Deberá tratar a todos/as coa debida corrección e moderación, sen dispensar preferencia para a orde do despacho, calidade e prezo dos xéneros, non sendo nos casos exceptuados polas leis, absténdose de promover alborotos, discusións e proferir verbas que poidan danar a imaxe ou honorabilidade das persoas.

8- Os/as expendedores/as manterán durante o despacho toda a limpeza que requira o servizo, debendo usar blusón, bata, luvas e gorro, no seu caso, e respectando a imaxe corporativa do Concello que sexa acordada pola Xunta de Goberno Local.

9- Cumprir coa regulamentación específica relativa ás/aos consumidoras/es e usuarios/as especialmente en todo o relativo á folla de reclamacións.

Artigo 29. Os concesionarios instalarán auga potable e electricidade, facendo a acometida particular pola súa conta e baixo a dirección dos servizos técnicos municipais.

Artigo 30. Obrigas específicas segundo os postos ou bancadas:

1- Non se poderán expender as mercadorías fóra dos postos de venda ou en postos distintos dos que lles corresponde, coas excepcións fixadas no presente regulamento.

2- Manter nas debidas condicións de conservación e limpeza tanto os postos como nos envoltorios e utensilios que normalmente se utilizan, non rebordando os seus límites.

3- Os produtos serán idóneos e deberán cumprir o disposto na lexislación vixente que lles afecte e, en concreto, o Código Alimentario e disposicións concordantes.

4- Entregar a calidade convida e o prezo que figure na tarifa

5- Queda prohibida a venda de caza, mariscos e calquera outros produtos durante a época de veda ou cando así o dispoña a regulamentación específica que lles afecte.

6- Non se poderán utilizar recipientes ou medios de transporte que ocasionen deterioro ao pavimento do recinto interior da praza.

7- Non se poderá vender a granel ou fraccionadamente cando esta venda estea prohibida pola regulamentación técnico-sanitaria ou normas específicas.

8- Manter en todo momento, tanto co público como co persoal de inspección ou o persoal do servizo de Mercados, un trato correcto.

9- Deixar baleiro, expedito e limpo o posto ao remate da xornada de venda. O Concello queda exento de calquera responsabilidade derivada do incumprimento desta obriga pola subtracción, perda e/ou deterioro de calquera mercadoría, utensilios e materiais que se deixen á vista logo do remate da xornada de venda, exceptuando material fixo ou voluminoso, como básculas, picadeiros, pantallas e dispensadores de vez, etc... Respecto destes elementos o Concello será responsable da subtracción, pero non do deterioro.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

CAPÍTULO VIII. RÉXIME SANCIONADOR

Artigo 31. Infraccións administrativas.

1. Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións que vulneren as disposicións contidas neste Regulamento, e que se atopen tipificadas como tales no mesmo.

2. As infraccións poden ser leves, graves e moi graves.

3. Os concesionarios dos postos de venda do Mercado serán responsables, por si mesmos, das faltas que cometan contra as disposicións deste Regulamento e demais normativas de obrigada aplicación en materia sanitaria e de alimentación, tanto polo incumprimento das súas obrigas fronte á administración municipal, a administración autonómica ou respecto de terceiros ou consumidores/as e usuarios/as.

Artigo 32. Faltas leves

Terán a consideración de faltas leves:

a) Non manter en debidas condicións de conservación e limpeza nos postos, vestimentas, envolturas e demais utensilios.

b) Sobrepasar coas mercadorías ou materiais as dimensións do posto ou espazo concedido, e a utilización de zonas comúns con mercadorías propias e residuos.

c) Non usar blusón ou bata, luvas e gorro, no seu caso.

d) Manter no posto espazo concedido, mercadorías ou obxectos alleos á actividade autorizada do mesmo.

e) O incumprimento sen causa xustificada do horario establecido en canto á venda e á entrada e saída de mercadorías.

f) Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ó edificio, instalacións e postos cando o seu valor sexa inferior a 2.000 euros.

g) O trato incorrecto co público e persoal da administración.

h) Todas aquelas infraccións do presente regulamento que non estivesen cualificadas como graves ou moi graves.

Artigo 33. Faltas graves

Terán a consideración de faltas graves:

a) A comisión de tres faltas leves no período de 12 meses sancionadas mediante resolución firme en vía administrativa.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

b) A ameaza ou violencia de palabra no trato con usuarios/as ou outros/as concesionarios e persoal municipal.

c) Ter pechado o posto durante máis de 15 días consecutivos ou 45 días alternos ao longo do ano sen causa xustificada e sen notificar o motivo ao xefe da praza. No cómputo destes 45 días non se consideran incluídas as vendedoras do peixe, nos termos establecidos no presente regulamento.

d) Non ter as tarifas de prezos expostas ao público ou en deficientes condicións.

e) Non atender persoalmente ó posto, salvo que se teña contratado persoal para atención do mesmo, debidamente autorizado.

f) Non usar báscula ou usala sen axustarse ao apartado 6 do artigo 28.

g) Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ao edificio, instalacións e postos por valor superior a 2.000 euros e inferior a 6.000 euros.

h) Efectuar a limpeza dos postos durante o horario comercial, interferindo na actividade dos demais concesionarios ou usuarios/as.

Artigo 34. Faltas moi graves

a) A comisión de tres faltas graves no período de 12 meses sancionadas mediante resolución firme en vía administrativa.

b) A cesión non autorizada da concesión do posto.

c) Manter o posto sen realizar transaccións por máis dun mes, salvo autorización expresa da Xunta de Goberno Local.

d) A violencia física no trato con usuarios/as, outros concesionarios e persoal municipal.

e) Dificultar ou entorpecer a inspección sanitaria.

f) Destinar o posto de venda a actividade comercial diferente da autorizada na concesión.

g) Ocasionar danos ao edificio, instalacións e postos por valor superior a 6.000 Euros.

h) Cometer roubos e furtos dentro do mercado.

i) Incumprir a normativa hixiénico-sanitaria, alimenticia que supoñan perigo para a saúde pública.

j) Ter pechado o posto durante máis de trinta días consecutivos ou sesenta días alternos ao longo do ano sen causa xustificada e sen notificar o motivo ao/a xefe/a da praza. No cómputo destes sesenta días non se consideran incluídas as/os vendedoras/es de peixe nos termos establecidos no presente regulamento.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

Artigo 35. Sancións

1) As faltas tipificadas neste Regulamento sancionaranse coa imposición de multas na contía que se especifica neste artigo sen prexuízo da indemnización exixible polos danos causados ao Concello.

2) As faltas leves sancionaranse con apercibimento ou multa entre 30 e 100 euros, as graves con multa dende 101 a 300 euros, ou suspensión da actividade do posto ata 15 días, as moi graves con multa entre 300 e 900 euros ou coa suspensión da venda no posto ata 30 días ou rescisión da concesión do posto.

3) Todo/a vendedor/a sancionado/a economicamente non poderá exercer a venda en tanto non aboe a contía da sanción.

4) Correspóndelle ao/á Sr/a. Alcalde/sa-Presidente/a a imposición de multas e demais sancións, agás as moi graves, que serán competencia da Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Artigo 35. Procedemento sancionador

O procedemento sancionador para as faltas leves e graves e moi graves, será o seguinte:

1- Recibido o parte do/a Xefe/a de Servizo ou a denuncia de parte dando conta da infracción, notificaráselle a mesma ao/á infractor/a, que no prazo de dez días aportará cantas alegacións estime en defensa do seu dereito.

2- Á vista das alegacións, ditarase resolución pola Alcaldía, impondo a sanción correspondente, axustándose en canto aos prezos á normativa vixente.

3- As sancións por faltas moi graves serán impostas por acordo da Xunta de Goberno Local.

O procedemento sancionador axustarase ao disposto na lei 39/2015 de 1 de outubro de 2015 e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

Artigo 36. Funcións e obrigas dos/as funcionarios/as e persoal adscrito ao servizo do mercado

Sen prexuízo das obrigas e funcións que se definan na RPT, para cada un dos/as traballadores/as en función da súa categoría profesional e posto desenvolvido, o persoal municipal adscrito ao servizo do mercado observará o cumprimento das seguintes obrigas de carácter xeral.

- Apertura e peche das instalacións da praza de abastos e control de accesos e peche da actividade comercial no espazo exterior onde se desenvolve o mercado.

- Control da actividade nas instalacións.

- Atención ao público e concesionarios da praza

- Organización, sinalización e control da actividade comercial da praza e o mercado.



Venres, 3 de febreiro de 2023

Núm. 24

- Xestión das incidencias, queixas e suxestións por parte dos praceiros/as fronte aos diferentes departamentos municipais, e interlocución entre estes e o/a Concelleiro/a responsable da praza e mercado de abastos.

- Cobro de taxas e recibos de padróns e xestión dos correspondentes padróns e ingresos bancarios.

- Atender as instrucións ditadas polo encargado do mercado para a boa xestión do servizo.

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Primeira. Os comerciantes titulares de concesións no momento de entrada en vigor desta norma e que reúnan os requisitos nela establecidos, conservarán a mesma ata o remate do prazo de vixencia que se entende de cincuenta anos dende a súa concesión se non figura outro prazo na resolución de concesión, (se figura un prazo superior, será respectado)

En calquera caso procederá o dereito de subrogación ou transmisión nos termos e polos prazos establecidos neste regulamento.

Segunda. A efectos do cómputo dos días alternos aos que se refiren a letra c) do artigo 33, e letra j) do artigo 34, o mesmo non entrará en vigor ata o 1 de xaneiro de 2024, logo da realización das actividades para o fomento da compra na praza, acordadas no seu día co conxunto das/os vendedoras/es.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A entrada en vigor deste regulamento producirase ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e non modifica os dereitos e obrigas adquiridas polos usuarios con anterioridade, salvo no que expresamente se recolla no mesmo.

Vilagarcía de Arousa, na data de sinatura dixital

O Alcalde-Presidente

Alberto Varela Paz

